



Plan de adaptación á situación COVID-19 para o curso 2020/2021.

Profesorado

Entradas

- Na entrada da mañá e da tarde, o profesorado que teña clase debe procurar chegar con anticipación. O alumnado transportado chega a partir das 8.35 horas pola mañá, se está mal tempo teñen que subir á aula.
- No comezo de cada clase, o alumnado debe desinfectar as mans con xel hidroalcohólico sentado no seu posto escolar en **presenza do profesor/a**.

Na aula

- Ventilación. As aulas deben ventilar 15 minutos ao comezo das clases. Eses 15 minutos deben empezar a contar desde o momento que entra o/a profesor/a na aula.
- As aulas deben estar ventiladas mais non debe haber correntes. A ventilación diminúe a carga vírica na aula. As correntes contribúen a contraer doenzas respiratorias.
- O profesorado debe ter coidado, nos días de chuvia, de que non entre auga na aula.
- Os elementos comúns debe manipularlos o/a profesor/a: persianas, ventás e, podendo ser, as portas.
- O alumando pode ir ao baño tanto nos recreos como durante o desenvolvemento da clase.

Cambios de Clase

- O alumnado non debe ir ao baño nos cambios de clase. Non debemos dar permiso ao alumnado para facelo (molesta menos o desenvolvemento da clase, pero corremos moito máis risco de acumulación). Isto contribúe a que o alumnado se levante e mesmo saia ao corredor no cambio de aula, feito que hai que evitar sempre que se poida.
- Debemos controlar que alumnado non se levante cando abandonamos a aula e non estea de pé cando entramos.

Saídas

Recreos

- Se o tempo permite saír ao exterior, o alumnado debe desinfectar o seu posto escolar. Unha vez feita a desinfección abandona a aula e diríxese ao exterior.
- O/a profesor/a será a última persoa en abandonar a aula, comprobando que non queda ninguén e que o ordenador e a pantalla dixital quedan apagados.
- Se o tempo non permite saír ao exterior, o alumnado debe permanecer na aula para comer o bocadillo ou para beber, neste momento a clase debe estar o máis ventilada posible xa que o alumnado vai estar sen máscara aínda que garde a distancia de seguridade.
- Neste último caso, na medida do posible o profesorado permanecerá na aula mentres o alumando merenda.

Saída de última hora

- A desinfección de última hora debe realizarse sen retirar o produto desinfectante das mesas. O alumando non usará papel para retiralo. O profesorado comprobará que o asento queda sobre a mesa e que non queda material na reixa que hai debaixo da mesa.
- O profesorado debe ter en conta que o tempo necesario para realizar esta desinfección é menor que o necesario para utilizar papel para retirar o produto.



Medidas de prevención

- Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no anexo I), o persoal non docente e profesorado non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo COVID. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

Presentou nas últimas 2 semanas?

Febre maior de 37,5°C

Tose seca

Dificultade respiratoria

Fatiga severa (cansazo)

Dor muscular

Falta de olfacto

Falta de gusto

Diarrea